

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

2011

EVOLUCION DO VISADO E
ESTADO URBANISTICO DAS
COMARCAS E CONCELLOS
DE GALICIA

ESTADÍSTICAS: SEGUNDO SEMESTRE 2011

EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE VISADO DE PROXECTOS E ESTADO URBANÍSTICO
DAS COMARCAS E CONCELLOS DE GALICIA NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2011.
(acumúlanse os datos dos anos anteriores)



Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Praza da Quintana nº 3. Casa da Conga.
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981.552 400
Fax 981. 561 65
C.I.F. Q-1575005-B

Xunta de Goberno

Decano / Presidente
Jorge Duarte Vázquez

Tesoureiro
J. Antonio Vázquez Martín

Secretario (en funcións)
Jorge Álvarez Rúa

Presidentes

A Coruña
Xosé Manuel López Mihura

Lugo
Raúl J. Veiga Lamelas.

Ourense
José Jaime Vázquez Iglesias

Pontevedra
Manuel Abelleira Argibay

Vigo
Martín de Cominges Carvallo

Santiago de Compostela
Ana Domínguez Laíño

Ferrol
Xosé Manuel López Leira

Vocais

Miguel Carballido Pensado
Fernando Martínez López
Pablo Noya Suárez
Carlos Pajares Campos

Redacción e coordinación

Alberto Escobar Molinero

Colaboracións das

Área técnica

- Servizo de supervisión
- Servizo de asesoramento

Área de urbanismo

Área de informática



ÍNDICE

1. MARCO ECONÓMICO XERAL

- 1.1. A vivenda en stock e baleira
- 1.2. Evolución no prezo da vivenda en España e Galicia
- 1.3. Vivenda. Fiscalidade e normativa técnica en 2011
- 1.4. Novidades fiscais para o ano 2012

2. ESTATÍSTICAS DE VISADO

- 2.1. Número total de vivendas visadas
- 2.2. Vivenda de protección oficial
- 2.3. Vivenda Rehabilitada
- 2.4. Vivenda Colectiva
- 2.5. Vivenda Unifamiliar
- 2.6. Vivendas con CFO emitido
- 2.7. A situación no conxunto de España

3. NOVIDADES NORMATIVAS

- 3.1. Urbanísticas
- 3.2. Técnicas

4. ACTIVIDADE URBANÍSTICA, DE CONTROL E DE REHABILITACIÓN EN GALICIA

- 4.1. Actividade urbanística do planeamento urbanístico
- 4.2. Concellos adscritos a la APLU
- 4.3. Concellos con oficina de rehabilitación
- 4.4. Plano de estado do planeamento en Galicia
- 4.5. Comentarios

5. RESUMO XERAL

- 5.1. Número de vivendas visadas
- 5.2. Superficie construída e contía económica de uso residencial en Galicia
- 5.3. Proporción de vivendas unifamiliares
- 5.4. Histórico de vivendas visadas

6. ESTATÍSTICAS DE VIVENDA VISADA, PORMENORIZADAS POR COMARCAS E CONCELLOS

- 6.1. Provincia de A Coruña
- 6.2. Provincia de Lugo
- 6.3. Provincia de Ourense
- 6.4. Provincia de Pontevedra

7. OBTENCIÓN E PROCEDENCIA DOS DATOS



1. MARCO ECONÓMICO XERAL

1.1. A vivenda en stock e baleira.

A derradeira publicación do Ministerio de Fomento da enquisa anual de vivendas en stock^{1e2}, puxo o foco de atención no stock deste produto inmobiliario tan ligado á crise económica actual. Segundo esta fonte, o pasado 2010 cerrouse con 687.523 vivendas á espera de comprador. Trátase dun descenso no número de inmobles en venta, pero esta baixada é pouco significativa pois non alcanza o 2%. No caso de Galicia, os datos indicados en dito informe son os seguintes:

	Stock 2010 vivenda nova	% stock sobre total	% stock / parque de vivendas
Galicia	(5) 39.268	5,71	2,47
Coruña (A)	17.166	2,50	2,62
Lugo	5.035	0,73	2,22
Ourense	3.944	0,57	1,81
Pontevedra	13.123	1,91	2,68

⁵ O goberno galego a finais do ano 2011 cifra este dato en 32.000 vivendas.

Outras fontes como a Caixa Catalunya apuntan cifras máis dramáticas, cun stock en España de 818.000 vivendas, que situarían a normalización do volume de oferta do mercado inmobiliario entre 2015 e 2016. Economistas independentes como Ricardo Vergés³, consideran estas estimacións conservadoras e elevan o número de vivendas baleiras en España por riba dos dous millóns. En calquera caso e con independencia da fonte consultada, trátase de malas novas para o sector inmobiliario, con actividade construtora que previsiblemente non se reactivará mentres exista un mercado inundado de oferta residencial, pese a que leva xa tres anos sen apenas producir novas ofertas.

A distribución da vivenda baleira en España sitúa os principais puntos quentes lonxe de Galicia. De acordo cos datos do Ministerio de Fomento, o arco mediterráneo xunto coas Illas Canarias concentran máis da metade dos pisos sen vender de todo o país. Madrid, xunto coa comunidade de Castela e a Mancha, contaxiada pola proximidade do voraz mercado madrileño, representa a outra gran bolsa de vivendas na busca de comprador con máis de 100.000 vivendas.

A pesar de que o mercado inmobiliario da zona cantábrica preséntase como o máis tranquilo do territorio nacional, Galicia contabiliza 39.268 vivendas (5) Estas cifras describen un continuado aumento da oferta inmobiliaria galega e non contribúen á normalización do mercado cuns volumes de oferta moi superiores aos de demanda. Con cerca de 2.800.000 habitantes, Galicia conta con máis de 14 vivendas en venta por cada 1.000 habitantes mentres que a media de países como Estados Unidos o Francia non alcanza as 9 vivendas por cada mil habitantes.

1.2. Evolución no prezo da vivenda en España e Galicia

¹ http://www.fomento.gob.es/NR/rdonlyres/779B798C-EC19-4FD0-ACC7-B98A5A4E55B9/103998/ESV_10.pdf

² http://www.fomento.gob.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/ESPECIALES/SPANISHREALESTATE/STOCK/

³ <http://www.ricardoverges.com/>

⁴ http://www.fomento.gob.es/NR/rdonlyres/885AC2DF-7007-4B27-85E7-684C47F60435/109401/AjoimobEsp_ENE2012.pdf



Entre xullo e setembro do ano pasado, segundo o estudo de xaneiro de 2012 do Ministerio de Fomento para o conxunto de España⁴, o prezo medio do metro cadrado da vivenda libre en España situouse en 1.729,3 euros/m², a menor cifra rexistrada dende o primeiro trimestre de 2005, cando alcanzou os 1.685,4 euros/m².

Con respecto ao trimestre anterior do 2011, o prezo da vivenda anotou unha caída do 1,3%. Con estas cifras, o prezo medio da vivenda libre segue afastado dos valores que chegou a alcanzar nos primeiros tres meses de 2008, cando marcou o seu récord histórico.

A vivenda libre sitúase un 5,4% menos que en 2010 e a usada descende un 5,9%. Concretamente, os datos do terceiro trimestre do ano confirman un abaratamento do 17,7% con respecto ao máximo de 2.101,4 euros por metro cadrado que rexistrou o prezo da vivenda libre hai xa tres anos no ano 2008. Este descenso é algo menor nese período, para o conxunto da provincia de Pontevedra que é dun -17%, e nas de Ourense e A Coruña que se fixa nun -16,30% e nun -16,00% respectivamente, no conxunto da provincia de Lugo a baixa é inferior ao 15%.

Tras pechar 2010 cunha caída do 3,5%, o prezo das casas acelerou progresivamente o seu descenso ata caer 0,36 puntos porcentuais máis que a porcentaxe á que o fixo no segundo trimestre deste ano, cando diminuíu o 5,24%, o maior descenso dende finais de 2009.

Non obstante, estes recortes son inferiores aos que se produciron precisamente a mediados de 2009, cando os prezos da vivenda libre chegaron a caer máis dun 8% para logo moderar o seu descenso ata o ámbito do 4% no que se mantiveron de media en 2010. Ademais, en termos acumulados, no que vai de ano o prezo da vivenda é un 5,2% menor que o experimentado no mesmo período dun ano antes. A vivenda libre nova, un 5,4% menos

Por tipo de inmovible, o prezo da vivenda libre nova de ata dous anos de antigüidade situouse nos 1.747,5 euros por metro cadrado, o 5,4% menos que un ano antes. Por outro lado, a usada de máis de dous anos de antigüidade, alcanza os 1.719 euros por metro cadrado, un 5,9% menos. Ademais, o prezo das casas protexidas alcanzou os 1.158,1 euros o metro cadrado, igual que o rexistrado no terceiro trimestre de 2010.

Así, o índice xeral de prezos da vivenda, que integra libre e protexida, diminuíu un 5,5% interanual entre xullo e setembro.

Por comunidades, as maiores caídas do prezo, producíronse en Aragón e Madrid, co 8,4% menos, Murcia (7,9%), La Rioja (5,4%), Navarra (6,7%), Cataluña (6,5%) Castela e León (6%), Castela a Mancha (5,8%) e Andalucía (5,6%). Pola súa banda, os menores descensos rexistráronse na Comunidade Valenciana (5%), Illas Baleares (4,3%), Canarias (3,4%), Galicia (2,8%), Cantabria (1,1%), País Vasco (0,9%), Asturias (0,7%) e Ceuta e Melilla (0,3%).

Por municipios maiores de 25.000 habitantes, os prezos máis elevados rexistráronse en San Sebastián (3.775,3 euros o metro cadrado), Sant Cugat del Vallés (3.339,4 euros), Getxo (3.314,4 euros), Leioa (3.022,6 euros), Barcelona (2.991,6 euros), Sant Joan Despi (2.943,7 euros), Pozuelo de Alarcón (2.916,9 euros) e Madrid (2.861,8 euros). O prezo medio en Galicia situase en 1.465,00 euros (sendo de 1.586 euros/m² para o caso da provincia de A Coruña, 1.057,00 euros/m² para a de Lugo, 1.083 euros/m² para a de Ourense e de 1.546 euros/m² para a de Pontevedra).



Pola contra, os prezos máis baixos en municipios de máis de 25.000 habitantes localizáronse en Hellín (764,1 euros o metro cadrado), Novelda (788,9 euros), Elda (797,8 euros), Almansa (798,5 euros) e Villarobledo (833,6 euros).

O Ministerio de Fomento obtivo estes resultados tras realizar 84.878 taxacións inmobiliarias.

1.3. Vivenda. Fiscalidade e normativa técnica en 2011

O ano 2010 pechouse co final da desgravación por compra de vivenda e a subida do IVE. Estas decisións motivaron unha reactivación lixeira e conxuntural do mercado inmobiliario que experimentou un reponte do 1,4% ao remate de 2010 e contribuíu a ralentizar o descenso do prezo dos activos inmobiliarios nese ano, pero en 2011 provocou o efecto contrario.

O máis importante cambio en materia de vivenda e fiscalidade é un novo enfoque na rehabilitación como segmento do mercado inmobiliario que se fixo en 2011 pola Lei 2/2011 de Economía Sostible, e polo Real Decreto Lei 8/2011 de *“medidas de apoio os debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso a rehabilitación e de simplificación administrativa”*. Por unha banda, quíxose abrir a posibilidade de desgravar importes superiores aos tradicionalmente asociados á merca de primeira vivenda no caso das obras de rehabilitación e mellora na vivenda e establece a obrigatoriedade das Inspeccións Técnicas de Vivendas en aquelas edificacións con unha antigüidade superior aos 50 anos en municipios maiores de vinte e cinco mil habitantes (que en Galicia son Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ferrol, Vilagarcía de Arousa, Narón, Oleiros, Carballo, Redondela, Ribeira, Culleredo, Marín e Cangas do Morrazo). Por outra banda, esta medida xuntouse coa reforma do Imposto sobre o Valor Engadido alterando o tipo impositivo aplicable a estes traballos. Así, o tramo xeral (antes o 18%) deixa de ser o tramo aplicable e no seu lugar aplícase o tramo reducido (8%), tradicionalmente aplicado no caso de vivenda. Estas medidas fiscais complementáronse con axudas directas que intentan activar o sector da construción ao tempo que buscan que aflore a economía mergullada.

1.4. Novidades fiscais para o ano 2012

No primeiro Consello de Ministros do novo Goberno do 30 de decembro de 2011, tomáronse as seguintes medidas referentes á vivenda que quizais poidan influír na actividade de visados que se rexistren do ano 2012.

- Desgravación IRPF por compra de vivenda habitual

O Goberno acordou recuperar a desgravación por vivenda habitual para todas as rendas con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011. O anterior Goberno limitara dende comezos deste ano esta desgravación ás rendas inferiores a 17.707,2 euros brutos anuais e eliminouna de forma progresiva ata o limiar dos 24.107,20 euros.

- IVE

O Goberno acordou manter a redución ao 4 % do IVE que grava a compra de casas novas que se estableceu no Real Decreto-Lei 9/2011, de 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do sistema nacional de saúde, de contribución á consolidación fiscal, e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011. (BOE nº200, de 20 de agosto de 2011). En



cuxa Disposición transitoria cuarta sobre “Tipo impositivo aplicable do Imposto sobre o Valor Engadido ás entregas de vivendas”, dicía o seguinte:

“Con efectos desde a entrada en vigor deste Real Decreto-Lei e vixencia exclusivamente ata o 31 de decembro de 2011, aplicarase o tipo reducido do 4 por cento do Imposto sobre o Valor Engadido ás entregas de bens ás que se refire o número 7.º do apartado un.1, do artigo 91 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido”.

- IBI

O Executivo subirá o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) do 50% das casas españolas de xeito temporal e durante dous anos. A partir de 2012, as vivendas cuxo prezo estea por encima do valor catastral medio do seu municipio comezarán a gravarse máis.

Para levar a cabo esta medida, a Dirección Xeral do Catastro analizará todos os valores catastrais de cada concello para ver a súa media, e sobre esta aplicará a subida. Con este aumento do IBI, o Goberno espera recadar 918 millóns de euros do total de 6.000 previstos que cheguen ás arcas do Estado grazas ao resto de subidas de impostos anunciadas.

- Renda básica de emancipación

O Executivo aprobou "non incorporar máis beneficiarios á Renda Básica de Emancipación para poder manter a percepción dos que a viñan recibindo".

Fomento realizou unha retención de crédito por cada un dos beneficiarios equivalente a todo o orzamento necesario para garantir o cobro da axuda unha vez recoñecida durante o período máximo de 4 anos ou ata que cumpran os 30 anos, xa que aínda que desapareza a axuda, os beneficiarios aos que xa se recoñeceu este dereito poderán seguir percibíndoa. O seu orzamento para este ano ascendía a 364,1 millóns de euros, partida que se ampliou con 46,1 millóns de euros procedentes do Fondo de Continxencia para o pago adicional das axudas aos beneficiarios da Renda Básica de Emancipación durante o exercicio.

- Bolsa de vivenda galega

Ademais, o Goberno galego, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), a principios do ano 2012, asinou un convenio con la Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), coa Federación de Promotores de Galicia (FEPROGA), e dúas entidades financeiras galegas (Novagalicia e Caixa Rural), para sacar ao mercado, no prazo de tres anos, mais de 4.500 vivendas del total de 32.000 inmóveis que se estima están sen vender en Galicia.


2. ESTADÍSTICAS DE VIVENDAS VISADAS

2.1. Número de Vivendas visadas

O interese dos datos recollidos polo Colexio de Arquitectos de Galicia está en que poden anticipar a actividade construtiva que se pode realizar nun futuro inmediato, posto que representan o número de vivendas que en uns meses se poderán executar “ex novo” ou rehabilitar pormenorizadamente, nos diferentes concellos galegos, logo de conseguir a necesaria licenza municipal de obras.

Cabe destacar que esta análise estatística vense facendo polo Colexio de Arquitectos de Galicia dende hai máis de sete anos, e comprende dende o ano 2000 ate a actualidade, é dicir doce anos.

Á vista dos datos contidos nas táboas finais deste informe, podemos dicir que a actividade de visado colexial segue a rexistrar valores mínimos, pois o sobrante de vivendas en venta aínda pendente de vender, conxuntamente coa situación de contracción do crédito debido á crise económica, non anima aos inversores a promover novas actuacións de vivenda colectiva, verdadeiro motor da economía desde sector.




Nota: Os máximos históricos de vivendas visadas/mes, están nos meses de setembro de 2006, e marzo de 2007, en 8.093 e 6.130 vdas/mes respectivamente pola entrada do CTE na súa primeira e segunda parte.

Evolución do visado de vivendas. Datos mensuais dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011

NHG: Normas Hábitat Galego.


NHV: Normas Habitabilidade de Vivendas.

Atopámonos nunha situación de estancamento xeneralizada, sendo necesario facer balance das actuacións pretéritas. A crise económica, a desconfianza nos mercados e a falta de liquidez fan que este período de latexo se estea prolongando máis aló do desexable. Como exemplo disto, podemos dicir que no mes de decembro de 2011 rexistrouse un mínimo histórico en doce anos, con só 203 vivendas visadas.



Evolución do visado de vivendas. Datos semestrais dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011

O gráfico semestral reflexa os número de vivendas visadas, que para o primeiro e segundo semestre de 2011 son de 2.312 e de 2.375 vivendas, respectivamente. Neste sentido, axúdanos a obter unha imaxe nítida do que está a acontecer, pois a recuperación parece difícil. Todo indica que estamos inmersos nun ciclo de peche na expansión ilimitada das nosas cidades, oportunidade que entendemos debe ser tida en conta para realizar operacións de remate das pezas urbanas, e de realización das unidades de execución con maior interese xeral, e de necesaria rehabilitación das zoas degradadas e do parque edificado.




Evolución do visado de vivendas. Datos anuais 2000-2011

Á vista do movemento histórico no visado colexial, atopámonos ante uns valores mínimos de 4.687 vivendas visadas no total do ano 2011, que se ben parece que tocou fondo compórtase de unha forma plana e con unha moi lixeira baixa con respecto o ano 2010 no que foron visadas 4.805 vivendas.

O segundo semestre do ano e mesmo o global do ano 2011 rexistra valores porcentuais arredor, e só do 17,00% respecto da cifra media anual destes últimos doce, e que é de 27.201 vivendas/ano, e con unha cantidade moi inferior aos 46.881 visados tope de vivenda contabilizados para o ano 2006.



Número de Vivendas Visadas 2000-2011 (Variación mensual)



Evolución do visado de vivendas. Datos mensuais 2000- 2011.

NHG: Normas Hábitat Galego.

NHV: Normas Habitabilidade de Vivendas.

CTE: Código Técnico da Edificación.


IVE: Imposto valor engadido

A gráfica de valores mensuais, resulta moito máis significativa en canto ao rexistro de incidencias que repercuten no visado colexial. A situación é de auténtico estancamento, sen visos claros dunha tendencia positiva, sendo de resaltar o mínimo xa comentado, de só 203 vivendas/mes visadas no mes de decembro do ano 2011.

2.2. Vivenda de Protección Oficial

En canto á vivenda sometida a algún réxime de protección pública, o segundo semestre recolle unha cifra global que supón o 6,74% do total das promocións, experimentando unha baixa con respecto o semestre anterior, dentro de uns valores mínimos, formalizando unha gráfica en dente de serra.

Vivenda Sometida a Protección. 2009-2011 (variación mensual)




Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos mensuais dos anos 2009 a 2011

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2011 son:

Ano	VPA	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	2947	33755	8,73 %
ano 2001	3090	31801	9,72 %
ano 2002	3358	31242	10,75 %
ano 2003	4662	35685	13,06 %
ano 2004	4592	37326	12,30 %
ano 2005	3748	40781	9,19 %
ano 2006	2776	47470	5,85 %
ano 2007	1480	38150	3,88 %
ano 2008	2036	20775	9,80 %
ano 2009	441	7536	5,85 %
ano 2010	302	4805	6,29 %
ano 2011	323 (163+160)	4687	6,89 % (6,74% 2º semestre)
total	29755	334013	8,91 %




Vivenda Sometida a Protección. 2008-2011 (variación semestral)



Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos semestrais dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011

Isto non supón que actúe de refuxio da vivenda libre, senón todo o contrario, as actuacións amosan unha perda con respecto aos anos anteriores. Ben é certo, que os parámetros en xogo difiren notoriamente da vivenda libre, atendendo a un sector da promoción especializado neste tipo de construcións. Así, parece que o movemento en dente de serra advirte unha tendencia a ir collendo mercado unha vez se van pechando as promocións anteriores polos mesmos interesados ou mesmo calificando como VPA vivendas que se proxectaron inicialmente como libres.

Vivenda Sometida a Protección. 2000-2011 (variación anual)




Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos anuais 2000-2011

2.3. Vivenda Rehabilitada


No referido á actividade de rehabilitación de vivendas, tras o aumento espectacular do segundo semestre do ano 2010 que lograron situar este sector case en un 25% para o conxunto deste ano, aconteceu unha baixada moderada que a fixa para o ano 2011 nun 17,69%, que non deixa de amosar o claro futuro neste ámbito por parte dos axentes implicados, como nicho de mercado aínda por explorar máis a fondo, cuestión que legalmente foi reforzada nese ano, pola Lei estatal 2/2011 de 4 de marzo de Economía Sustentable, polo RD Lei 8/2011 de Medidas de apoio e impulso á rehabilitación, e polas políticas de rehabilitación do IGVS, que levan a cabo as 57 oficinas de rehabilitación municipais, segundo o listado anexo a este informe.

Vivenda Rehabilitada. 2009-2011 (variación mensual)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos mensuais dos anos 2009 a 2011


Vivenda Rehabilitada. 2008-2011 (variación semestral)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos semestrais dos anos 2008 a 2011

Se ben o 17% deste semestre invita a continuar nesta liña, favorecendo a revitalización dos nosos núcleos urbanos ou rurais, e adaptando as vivendas aos novos estándares de confortabilidade e aforro enerxético, e confíase que a obrigada implantación, ou no seu caso impulso das Inspección Técnica de Vivendas (ITE's), polo menos, nos dezaseis concellos galegos maiores de 25.000 habitantes en que resulta obrigatorio, deriven en actuacións de rehabilitación do parque edificado galego.

Vivenda Rehabilitada. 2000-2011 (variación anual)



---- Porcentaxe x,xx %

Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos anuais 2000-2011


Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2011 son:

Ano	Rehabilitación	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	788	33755	2,33 %
ano 2001	1032	31801	3,25 %
ano 2002	844	31242	2,70 %
ano 2003	1130	35685	3,17 %
ano 2004	1901	37326	5,09 %
ano 2005	1648	40781	4,04 %
ano 2006	1680	47470	3,54 %
ano 2007	1603	38150	4,20 %
ano 2008	1518	20775	7,31 %
ano 2009	1156	7536	15,34 %
ano 2010	1154	4805	24,02 %
ano 2011	829 (410+419)	4687	17,69 %
total	15283	334013	4,58 %

2.4. Vivenda Colectiva

Se nos achegamos ao visado da tipoloxía colectiva non podemos máis que verificar o descenso no número de promocións. A porcentaxe contabilizado para este tipo de vivenda ascende para o ano 2011 a pouco máis do 48%, cifra moi inferior ao 77% de media rexistrado entre os anos 2000 a 2007.


Vivenda Colectiva. 2009-2011 (variación mensual)



Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos mensuais dos anos 2009 a 2011

Isto supón que neste ano 2011 chégase ás 2.253 vivendas colectivas, sobre un total de 4.687, que non chega ao 50% do total, fronte a media de 28.900 vivendas colectivas, visadas no período de anos 2000 a 2007, que supoñía un porcentaxe desta tipoloxía do 75%.

Vivenda Colectiva. 2008-2011 (variación semestral)




---- Porcentaxe x,xx %

Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos semestrais dos anos 2008 a 2011.

Este valor porcentual para vivenda colectiva é o segundo máis baixo dende que se teñen rexistrado valores, tamén en termos absolutos, superado só polo rexistrado no ano 2010.

Vivenda Colectiva. 2000-2011 (variación anual)



---- Porcentaxe x,xx %

----- Total Vivendas (2001-2011)


Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos anuais 2001-2011.

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2011 son:

Ano	V. Colectiva	Total Vivendas	Porcentaxe	
ano 2000	25387	33755	75,21	%
ano 2001	23465	31801	73,79	%
ano 2002	22398	31242	71,69	%
ano 2003	28382	35685	79,53	%
ano 2004	29778	37326	79,78	%
ano 2005	32195	40781	78,95	%
ano 2006	38382	47470	80,86	%
ano 2007	31236	38150	81,88	%
ano 2008	15017	20775	72,28	%
ano 2009	4704	7536	62,42	%
ano 2010	2079	4805	43,27	%
ano 2011	2253 (1046+1207)	4687	48,07	%
total	255276	334013	76,43	%

2.5. Vivenda Unifamiliar


Pola súa banda, o visado da vivenda unifamiliar ten un marcado ritmo asimétrico respecto á do resto de variables analizadas. Lonxe de promocións por lote, a tipoloxía unifamiliar cumpre unha función de expectativa individual, na que a economía persoal xoga un papel moi importante. A media de vivendas unifamiliares visadas sitúase en 200 por mes, coincidente co resto de valores para os anteriores semestres. Compre salientar, que cando as promocións de vivenda unifamiliar tiñan cabida no sector da construción, a media roldaba as 550 vivendas. Neste ano, séguese a construír poucas máis vivendas con esta tipoloxía que vivendas colectivas, tal e como queda reflectido nos gráficos que se axuntan.



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos mensuais dos anos 2009 a 2011.

En efecto, o número total de vivendas unifamiliares visadas no ano 2011, foi de 2.371, o que incide na porcentaxe do case o 52% respecto das vivendas totais visadas, baixada porcentual que podemos salientar por mor do pequeno repunte na vivenda colectiva.


Vivenda Unifamiliar. 2008-2011 (variación semestral)



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos semestrais dos anos 2008 a 2011.



Malia a situación, debemos ter presente que existe unha baixada no número de vivendas unifamiliares, que se ben resiste con maior fortuna aos envites da situación financeira, non é que quen de soste a actividade edificatoria dos últimos anos por si soa. Sen dúbida, a tendencia futura é a de corrixir estes valores, no que a vivenda unifamiliar non supere porcentaxes maiores do 25-35% respecto da colectiva. Ata ese momento, podemos advertir unha situación de irregularidade, que ven marcada pola situación económica actual.




Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos anuais 2000 a 2011

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2011 son:

Ano	V. Unifamiliar	Total Vivendas	Porcentaxe	
ano 2000	7406	33755	21,94	%
ano 2001	7470	31801	23,49	%
ano 2002	7768	31242	24,86	%
ano 2003	6348	35685	17,79	%
ano 2004	6938	37326	18,59	%
ano 2005	8024	40781	19,68	%
ano 2006	8743	47470	18,42	%
ano 2007	6462	38150	16,94	%
ano 2008	5602	20775	26,97	%
ano 2009	2737	7536	36,32	%
ano 2010	2520	4805	52,45	%
ano 2011	2371 (1220 +1151)	4687	51,59	%
total	72389	334013	21,67	%

2.6. Vivendas con CFO emitido

Este gráfico representa o número que historicamente obtiveron o corresponde certificado final de obra. Dicur que para o ano 2011 foi case que el dobre das vivendas visadas, e supón unha baixa de pouco mais de 2.000 rematadas en Galicia con respecto o ano 2010.



Evolución do certificado final de obra respecto a vivendas visadas. Datos anuais 2000-2011.

Nota: Os datos correspondentes ás vivendas con certificado Final de obra do primeiro semestre do ano 2011 están calculados tendo en conta a tramitación segundo o convenio Colexio de arquitectos de Galicia/ Consello galego de apareladores.

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2005 e 2011 son:

Ano	Total Vivendas	Vivendas con CFO
ano 2000	32832	
ano 2001	30987	
ano 2002	30311	
ano 2003	32314	
ano 2004	37001	
ano 2005	40209	28.718
ano 2006	46881	28.471
ano 2007	37913	30.210
ano 2008	20767	29.585
ano 2009	7708	25.284
ano 2010	4805	11.294
ano 2011	4687	9.293




2.7. A situación no conxunto de España

O gráfico seguinte mostra a situación rexistrada en la evolución da actividade de visado de vivendas no conxunto dos diferentes Colexios Territoriais de Arquitectos de España, segundo datos recollidos polo Consello Superior de Arquitectos de España, no período de 2001 a 2011, no que se pasa dun tope máximo de 920.199 vivendas visadas no ano 2006, a un mínimo de 65.491 vivendas cerrando o ano 2011.

Os Colexios Territoriais que rexistraron as maiores caídas porcentuais foron por este orden: Castellón cun 98,11%, Canarias cun 97,91%, Málaga cun 97,50%, Almería cun 97,39% e Murcia cun 97,08.

Galicia rexistrou unha baixa dun 90%, pasando de 46.881 vivendas visadas no ano 2006 a só 4.687 vivendas no ano 2011.

As menores caídas porcentuais foron en Castela e León cun 77,49%, O País Vasco cun 77,49%, e Ceuta e Melilla cun 75,52%, e 71,66% respectivamente.



Evolución de viviendas visadas no conxunto de España, no período 2001 a 2011, segundo datos do Consello Superior de Arquitectos de España



3. NOVIDADES NORMATIVAS

O aspecto urbanístico ven marcado pola aprobación definitiva de dous documentos de referencia supramunicipal; as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) Decreto 19/2011 (DOG 22.02.2011) e o Plan de Ordenación do Litoral (POL) Decreto 20/2011 (DOG 23.02.2011), que veñen a engadir un marco de referencia para a realización de calquera actuación en materia territorial en Galicia. Estes documentos apóianse na Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia, o primeiro como eixo fundamental da estratexia territorial e o segundo coma un Plan Integral Territorial que abrangue os concellos costeiros, os cales viñan acaparando a maior parte da actividade construtora na nosa Comunidade, tal e como puxemos de manifesto en anteriores informes.

En canto á lexislación propiamente dita, non rexistra novas de carácter xeral, máis compre dicir que teñen aparecido as instrucións 1, 2, 3 e 4 sobre clarificación de diversos aspectos dada pola redacción da Lei 2/2010 sobre modificación da 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A continuación, facemos un resumo das referencias legais acontecidas no ano 2011, distinguindo entre normas urbanísticas e normas técnicas, as que de algunha ou outra forma, puideran ter influído en maior ou menor medida no fluxo do visado e da actividade colexial.

Estas son:

3.1. URBANÍSTICAS:

Primeiro semestre

- Decreto 19/2011 polo que se aproba definitivamente as Directrices de ordenación do Territorio de Galicia DOG 10/2/2011.
- Decreto 20/2011 polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do Litoral de Galicia DOG 10/2/2011.
- Instrución 1/2011 para a aplicación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia DOG 12/4/2011.
- Instrución 2/2011 para a aplicación da Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza DOG 12/4/2011.
- Instrución 3/2011 para a aplicación da Disposición Transitoria Décimo Terceira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo DOG 12/4/2011.
- Instrución 4/2011 sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia DOG 12/4/2011.

Segundo semestre

- Lei 5/2011 de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia DOG 30/9/2011.
- Real Decreto 1492/2011 polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do solo BOE 24/10/2011.



3.2. TÉCNICAS:

Primeiro semestre

- Orden do 12/1/2011 pola que se regula a composición e o funcionamento do Comité asesor de habitabilidade DOG 12/1/2011.
- Real Decreto 100/2011 polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación BOE 28/1/2011.
- Real Decreto 138/2011 polo que se aproba o regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias BOE 4/2/2011.
- Lei 2/2011 de economía sostible BOE 4/3/2011.
- Decreto 44/2011 polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos camiños de Santiago DOG 10/3/2011.
- Real Decreto 346/2011 polo que se aproba o regulamento das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso os servizos de telecomunicación no interior das edificacións BOE 11/3/2011.
- Orden do 16/3/2011 pola que se establece os requisitos mínimos esixibles ás entidades de formación recoñecidas para impartir cursos teórico prácticos no ámbito da seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia DOG 16/3/2011.
- Decreto 52/2011 polo que se establece a ordenación de apartamentos e vivendas turísticos na comunidade autónoma de Galicia DOG 24/3/2011.
- Real Decreto 751/2011 polo que se aproba a instrución de aceiro estrutural (EAE) BOE 27/5/2011.
- Orden ITC/1644/2011 pola que se desenvolve o regulamento das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso os servizos de telecomunicación no interior das edificacións, aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo BOE 10/6/2011.

Segundo semestre

- Lei 12/2011 de medidas fiscais e administrativas de Galicia (derroga entre outras, a Lei 7/1997 e os seus Decretos de desenvolvemento de protección acústica en Galicia) DOG 26/12/2011.
- Real Decreto legislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público BOE 14/11/2011.
- Lei 7/2011 de Turismo de Galicia DOG 27/10/2011.
- Real Decreto Lei 8/2011 de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débeda con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa BOE 1/7/2011.



4. ACTIVIDADE URBANÍSTICA, DE CONTROL E DE REHABILITACIÓN EN GALICIA

4.1. Actividade urbanística do planeamento urbanístico.

(datos proporcionados pola Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia)

A. PLANEAMENTO XERAL :

1. APROBACIÓN DEFINITIVA DE PLANEAMENTO XERAL (SEGUNDO ART. 85.7a)

Primeiro semestre

- PXOM de Outes ORDE de 11 de xaneiro de 2011 sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 25/01/2011.
- PXOM de Tui ORDE do 26 de xaneiro de 2011 sobre aprobación parcial do PXOM. DOG 28/01/2011.
- PXOM de Tui ORDE de 24 de marzo de 2011 sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 07/04/2011.
- PXOM de Cenlle ORDE do 28 de marzo de 2011 sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 11/04/2011.
- PXOM de Beade ORDE do 1 de abril de 2011 sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 12/04/2011.
- PXOM de Lugo ORDE do 29 de abril de 2011 sobre aprobación parcial do PXOM. DOG 16/05/2011.

Segundo semestre

- PXOM de Moaña. ORDE do 13 de xullo de 2011 sobre a aprobación parcial do PXOM. DOG 1/08/2011
- PXOM de Boborás. ORDE do 16 de setembro de 2011 sobre aprobación parcial do PXOM. DOG 30/09/2011.

2. NON APROBACIÓN DEFINITIVA PXOM. (SEGUNDO ART 85.7b)

Primeiro semestre

- PXOM de Xove. ORDE de 4 de febreiro de 2011 sobre no aprobación definitiva do PXOM. DOG 04/02/2011.

Segundo semestre

- PXOM de Pastoriza. ORDE de 27 de decembro de 2011, sobre no aprobación definitiva do PXOM 27/12/2011.

3. SUSPENSIÓN/ANULACIÓN PXOM.

Primeiro semestre

- Non consta.

Segundo semestre

- PXOM de Ourense. RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2011, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se fai público o acordo de inicio de expediente de suspensión parcial do PXOM. DOG 5/08/2011.
- PXOM de Ourense. DECRETO 187/2011, do 29 de setembro, polo que se suspende parcialmente a vixencia do PXOM do Concello de Ourense e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. DOG 3/11/2011.
- PXOM de Carballo. Anulado segundo sentenza do TSXG do 1 de marzo de 2007 ratificada polo Tribunal Supremo o 2 de novembro de 2011.



4. LICITACIÓNS/ADXUDICACIÓNS

Primeiro semestre

- Non consta no DOG.

Segundo semestre

- PXOM das Pontes de García Rodríguez. ANUNCIO de licitación para contratar a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal. DOG. 11/07/2011.

5. AVANCE DE PLANEAMENTO

Primeiro semestre

- Non consta no DOG.

Segundo semestre

- Non consta no DOG.

6. APROBACIÓN AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA O INNECESARIEDADE DO MESMO

Primeiro semestre

- Non consta no DOG.

Segundo semestre

- PXOM de Guitiriz. RESOLUCIÓN do 30 de maio de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM. DOG .19/07/2011
- PXOM de Muíños. RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se publica a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM. DOG 24/08/2011.
- PXOM de Cortegada. RESOLUCIÓN do 9 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM. DOG 30/09/2011.
- PXOM de Leiro. RESOLUCIÓN do 22 de novembro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM. DOG 19/12/201

7. PXOMS CON INFORME PREVIO A APROBACION INICIAL (IPAI. ARTº 85.1 LOUGA)

Primeiro semestre

- PXOM Moraña (PO) 31/01/2011.
- PXOM Burela (LU) 01/02/2011.
- PXOM Viveiro (LU) 01/02/2011.
- PXOM Entrimo (OU) 07/03/2011.
- PXOM Gondomar (PO) 07/04/2011.
- PXOM Porto do Son (LC) 08/06/2011.

Segundo semestre

- PXOM Guarda, A (PO) 22/08/2011
- PXOM Irixo, O (OU) 07/09/2011
- PXOM Frades (AC) 12/09/2011
- PXOM Monterrei (OU) 12/09/2011
- PXOM Teixeira, A (OU) 14/10/2011
- PXOM Vilamartín de Valdeorras (OU) 03/11/2011
- PXOM Becerreá (LU) 11/11/2011
- PXOM Soutomaior (PO) 18/11/2011



- PXOM Catoira (PO) 22/11/2011
 - PXOM Vilar de Santos (OU) 22/11/2011
 - PXOM Saviñao, O (LU) 25/11/2011
 - PXOM Val do Dubra (AC) 28/11/2011
 - PXOM Bolo, O (OU) 07/12/2011
 - PXOM Monterroso (LU) 27/12/2011
- 8. RELACIÓN COMPLETA DE PXOMS CON INFORME PREVIO A APROBACIÓN INICIAL (IPAI. ART. 85.1 LOUGA) -(141 concellos)-**
- a. **Provincia da Coruña (29):** Abegondo, Aranga, Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Boqueixón, Camariñas, Carballo, Cedeira, Cesuras, Corcubión, A Coruña, Dumbría, Fisterra, Frades, Irixoa, Mañón, Melide, Mesía, Muxía, Neda, Ordes, Ortigueira, Pontedeume, Porto do Son, Santiso, Tordoia, Val do Dubra.
 - b. **Provincia de Lugo (40):** Alfoz, Becerreá, Begonte, Bóveda, Becerreá, Burela, Castro de Rei, Cervantes, O Corgo, Chantada, Folgoso do Courel, Foz, Friol, Guitiriz, Láncara, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Palas de Rei, Pantón, Páramo, A Pastoriza, Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Triacastela, Vilalba, Xermade, Xove.
 - c. **Provincia de Ourense (44):** Bande, Beariz, Os Blancos, A Bola, O Bolo, Carballeda de Avia, Cartelle, Castrelo de Miño, Coles, A Cortegada, Chandrexa de Queixa, Entrimo, Gomesende, O Irixo, Larouco, Leiro, Monterrei, Muíños, Oímbra, Padrenda, Parada do Sil, Petín, Pontedeuva, Porqueira, Punxín, Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Trasmiras, A Veiga, Vereia, Verín, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilariño de Conso, Vilar de Santos, Xunqueira de Espadañedo.
 - d. **Provincia de Pontevedra (28):** Arbo, Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cerdedo, Crecente, Cuntis, Dozón, Gondomar, O Grove, A Guarda, Marín, Meaño, Mondariz, Moraña, As Neves, Oia, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Pontevedra, Portas, O Rosal, Silleda, Soutomaior, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilanova de Arousa.
- 9. APROBACIÓN INICIAL (ART. 85.2 LOUGA). Publicado no DOG.**
- Primeiro semestre**
- PXOM Abegondo. ANUNCIO do Pleno municipal, na sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2011 de aprobación inicial do documento do PXOM. DOG 25.01.2011
- Segundo semestre**
- PXOM de Viveiro. ANUNCIO do Pleno municipal, na sesión celebrada o día 14 de abril de 2011 de aprobación inicial do documento do PXOM. DOG 11/07/2011
 - PXOM de Oímbra. ANUNCIO do Pleno municipal, na sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011 de exposición ao público do PXOM. DOG 19/08/2011
 - PXOM de Ourense ACORDO de aprobación inicial da modificación da normativa do PXOM de 1986 de Ourense, redactada de oficio pola Área de Urbanismo. DOG 29/08/2011.
 - PXOM de Entrimo. ANUNCIO do Pleno municipal, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2011 de aprobación inicial do PXOM .DOG 8/11/2011
 - Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. ANUNCIO do 26 de xullo de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acorda someter á participación do público o borrador do Plan DOG 17/08/2011



B. OUTROS INSTRUMENTOS XERAIS:

1. INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL MP/PXOM – MP/NSP (IPAI. ART. 85.1 LOUGA)

Primeiro semestre

- Baralla: MP/NSP Canteiras de Sixirei e Vale (24/01/2011)
- Valadouro, O: MP/NSP regulación solo apto urbanizable (24/01/2011)
- Ourense: MP/PXOM nº 30 (07/02/2011)
- Santiago de Compostela: MP/PXOM Colexio M. Peleteiro (10/02/2011)
- Pereiro de Aguiar: MP/PXOM núcleo rural Vilariño - A Igrexa (23/02/2011)
- Pereiro de Aguiar: MP/PXOM núcleo rural Vilariño - A Pena (23/02/2011)
- Pereiro de Aguiar: MP/PXOM núcleo rural Vilariño - San Salvador (23/02/2011)
- Pereiro de Aguiar: MP/PXOM núcleo rural Frieira - Melias (23/02/2011)
- Padrón: MP/PXOM Extramundi (03/03/2011)
- Gudiña, A: MP/PXOM Rúa Cotarela (17/03/2011)
- Gudiña, A: MP/PXOM apertura rúa Nova (17/03/2011)
- Culleredo: MP/PXOU zona industrial Alvedro (24/03/2011)
- Maceda: MP/PXOM nº3 (06/04/2011)
- Marín: MP/NSP nº 12 (26/05/2011)
- Curtis: MP/PXOM nº 3 (30/05/2011)
- Becerreá: MP/NSP lugar As Lamas (06/06/2011)
- Pontes, As: MP/NSP SUI-1 Pena Moreira (10/06/2011)

Segundo semestre

- Cabana Bergantiños: MP/PXOM clasificación solo urbano (08/07/2011)
- Ferrol: MP/PXOM Eixo Verde (12/07/2011)
- Vigo: MP/PXOM nº 3 (21/07/2011)
- Nogueira de Ramuín: MP/PXOM nº1 (29/07/2011)
- Oza dos Ríos: MP/PXOM Mondoí (29/07/2011)
- Ourense: MP/PXOU e PE casco histórico das Burgas (12/09/2011)
- Vilamarín: MP/PXOM Develzón (14/09/2011)
- Ribadumia: MP/PXOM nº2 (17/10/2011)
- Vilamarín: MP/PXOM no lugar de Develzón (21/11/2011)
- Barbadás: MP/PXOM no ámbito AR-10 (07/12/2011)
- Vila de Cruces: MP/NSP nº 7 (07/12/2011)
- Cospeito: MP/NSP núcleos Monte, Pereiras, Broz, Carracido e Escoleira (26/12/2011)

2. APROBACIÓNS DEFINITIVAS (ORDE 85.7A –APROBACIÓN DEFINITIVA-, 85.7A PARCIAL OU 85.7B –NON OUTORGAR A APROBACIÓN DEFINITIVA-) DE MP/PXOM – MP/NSP:

Primeiro semestre

- Meis: MP/PXOM nº 3 redacción varias ordenanzas (Orde 85.7A do 24/01/2011)
- Cee: MP/NSP (Orde 85.7B do 14/02/2011)
- Lalín: MP/PXOM nº 10 Catasos (Orde 85.7A do 16/03/2011)
- Monforte de Lemos: MP/NSP Aceña Nova - río Cabe (Orde 85.7A do 16/03/2011)
- Begonte: MP/NSP Fonfría (Orde 85.7A do 25/03/2011)
- Vigo: MP/PXOM nº 1 (Orde 85.7A do 05/04/2011)
- Culleredo: MP/PXOU Acea de Má (Orde 85.7A do 13/04/2011)
